

PROMOCIÓN DO PROFESORADO AXUDANTE DOUTOR

Aprobado en Consello de Goberno do 28 de maio de 2015

O II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo establece no seu artigo 35 que *“Cando un profesor axudante doutor reúna os requisitos esixidos pola lexislación universitaria para acceder ás categorías de profesor contratado doutor ou profesor titular de universidade, se é o caso, a universidade creará unha praza que se corresponda coa acreditación por el obtida, por transformación da praza de profesor axudante doutor.”*

Ante as limitacións actuais que para convocar prazas de profesorado universitario establecen as leis de orzamentos, a Universidade da Coruña establece as seguintes normas en relación coa promoción dos axudantes doutores/as.

1. O profesorado que ocupe unha praza de profesorado axudante doutor que, antes do remate do seu contrato, reúna os requisitos legalmente establecidos, poderá solicitar a transformación da súa praza a unha de profesorado contratado doutor e a convocatoria do correspondente concurso. A praza ocuparáa interinamente a persoa interesada ata a resolución do devandito concurso.

2. No caso de que non sexa posible a convocatoria dunha praza de Contratado/a Doutor/a, transformarase automaticamente ao finalizar o contrato de Axudante Doutor/a que viña ocupando, nun novo contrato de Profesor/a Interino/a de Substitución a tempo completo.

Os/As actuais profesores/as Axudantes Doutores/as pasarán á categoría de Contratado/a Doutor/a Interino/a no momento en que a normativa o permita, e con independencia da figura contractual que ocuparen transitoriamente como consecuencia da extinción do contrato de Axudante Doutor/a. En todos os casos, os/as actuais profesores/as Axudantes Doutores/as manteñen os dereitos de promoción recollidos no II convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das Universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo.

A Coruña, 28 de maio de 2015